DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

Acta da sesión EXTRAORDINARIA URXENTE
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de XUÑO de 2019

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE XUÑO DE 2019

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de xuño de 2019, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **extraordinaria urxente**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO	PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
Dª PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D. FRANCISCO JAVIER BOQUETE CAMBÓN	PSOE
D.JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
Dª. CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
Dª ROSA Mª GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
Dª SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	AA.VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
Dª INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
Dª Mª GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
Dª. TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Escúsase a Sra. Fraga Sáenz.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Abrése o acto ás doce horas e dezaseis minutos.

Sr. Presidente

Moi bo día. Imos comezar cun minuto de silencio pola nosa compañeira finada, Ánxela Franco.

(Gárdase un minuto de silencio)

Sra. Sanmartín Rei

Moi bo día, compañeiros e compañeiras. Este é un último Pleno dunha Deputación que despide o seu mandato, despide compañeiros e compañeiras, e lamentablemente, infelizmente, tamén o último Pleno en que falta unha compañeira, aquí está un ramo de flores na súa memoria, a compañeira Ánxela Franco, que estivo connosco como sabedes en cada Pleno, que estivo connosco en cada Comisión, que estivo connosco en sesións de traballo innumerables, facendo e traballando desde a súa constancia, o seu afán por estar e traballar para facer un mundo máis xusto, para facer un mundo mellor, para traballar a prol deses servizos sociais de calidade. A verdade que, como todo o mundo, todas as persoas que estamos aquí presentes, tanto compañeiros e compañeiras de Corporación, como funcionariado, como a coñeciades perfectamente, sabedes que era unha muller temperamental, unha muller con xenio, unha muller con carraxe, unha muller con capacidade de empatía, con capacidade para escoitar, para falar, para conseguir empatizar con todos os problemas da xente, e unha muller que estivo empeñada durante toda a súa vida en conseguir que houbese maior xustiza social. O traballo feito nesta Deputación, nesta Corporación, foi inmenso, ese traballo por conseguir incrementar o orzamento para servizos sociais, por conseguir facer ese Plan de igualdade, por conseguir que houbese actividades para o conxunto de concellos e de entidades de toda a provincia, de promoción e de dignificación, tanto das persoas con máis dificultades sociais, das mulleres, de todos os colectivos que o pasaban mal, porque como realmente todas e todos sabedes, Ánxela Franco era unha muller do pobo, unha muller que sabía perfectamente a clase á que representaba, e unha muller que dixo desde o primeiro momento que ela non quería pasar por esta Deputación sen cambiar as cousas, que

ela quería que cambiase todo e ademais que levaría moi mal se alguén puidese dicir que pasou por aquí e que ninguén soubo que pasase por aquí, e xustamente sabemos que foi o contrario, que todo o mundo que a coñecemos soubemos perfectamente da súa capacidade para estar unha e outra vez facendo reclamacións e levando alá programas para transformar as condicións de vida de todo o mundo e para facer que houbese unha institución que fose áxil e eficiente.

Tamén todo o mundo sabemos que Ánxela Franco eu creo que conseguiu algo que é difícil nestes tempos, e creo que hai que recoñecer, e como todo o mundo que estamos aquí nos dedicamos á política, sabemos que moitas veces é difícil conseguir que se valore o que se fai, desde unha política que debe ser ese servizo público, ese servizo á sociedade, esa capacidade de entrega e de deixar o teu tempo xustamente para facer algo en beneficio do resto das persoas. O certo é que está bastante deostado, está moi cualificado negativamente ese traballo político, por unhas xeneralizacións que non teñen sentido nalgúns casos, onde houbo persoas que non utilizaron a política como ese servizo público, e ao final acaba xeneralizándose e conseguíndose unha negativización dese traballo, e acábase falando de que todo o mundo non é igual. E xustamente Ánxela Franco demostra, demostrou, coa súa persoa, coa súa entrega, coa súa xenerosidade, que iso non é así, que non todas as persoas son iguais, que as persoas son diferentes e que hai un toque humano importantísimo no que se pon, no que ao final se está facendo no día a día.

E ese toque humano eu tamén o quero trasladar aquí, o certo é que no momento do seu falecemento vós sabedes que hai apenas un mes, algo menos dun mes tiñamos un Pleno, Ánxela Franco veu á Deputación, a súa intención era vir ao Pleno, mais non se encontrou con forzas para estar aquí, finalmente non puido acudir ao Pleno, mais mandounos ao Grupo do BNG unha mensaxe ao día seguinte, non fun ao Pleno, non me encontrei con forzas, mais vou recuperar o xenio, non vos preocupedes que vou volver. O certo é que ela intentou sacar forzas de dentro dela durante todo este tempo, desde o momento en que soubo que estaba enferma, intentou levar esa enfermidade cunha enorme dignidade e trasladando ademais á xente que estaba ao seu redor, que ela ía pelexar ata o último momento, e que ía estar activa ata o último momento. Así que nos deu creo que unha lección importantísima de dignidade, mesmo en como levou a enfermidade e como faleceu.

Pero o que quería trasladarvos é que o certo é que nos sentimos o Grupo do BNG tremendamente arroupado por todas as forzas políticas, e por todos os membros desta Corporación. É algo que tamén vos quero trasladar, no nome do BNG e no nome da propia familia, porque o certo é que foi moi importante tanto a presenza no momento do seu falecemento, no tanatorio e no propio cemiterio, e tamén no acto que se fixo de alí a poucos días na localidade de Porto do Son, e onde houbo unha representación de todos os Grupos políticos, de moitas das persoas que estades aquí presentes, ou ben directamente, ou ben enviando pésames e mensaxes. Houbo un sentimento moi profundo de arroupamento, e eu creo que é algo que tamén temos que poñer en valor, e que dá conta diso que dicía, de que a política é humana, a política somos persoas e temos tamén que destacar este carácter emotivo dunha persoa que exactamente igual que se podía rir e alegrar de que as cousas saían ben, dunha persoa que tamén se enfadaba. Eu escoitaba onte, non sei se o fixestes, nos medios de comunicación, que enfadarse é necesario, que é positivo moitas veces, que fai que tamén sexamos persoas vivas, sexamos persoas que demostramos que temos esa capacidade de emocionarnos e de empatizar coas cousas, e de querer ás

veces, que todo vaia moito máis rápido do que moitas veces somos capaces de facer, do que moitas veces as propias administracións ás veces, son capaces de acompañar.

Así que eu, sen máis, quero agradecervos moitísimo, en nome do BNG, este arroupamento, e quero, por suposto, deixar constancia do moito que a imos botar de menos, non só as persoas que compartimos estes anos, estes intensos catro anos aquí na Deputación, senón que tamén compartimos con ela unha andaina e un traballo no Bloque Nacionalista Galego durante décadas de entrega ao que para ela era unha paixón tamén, que era ese traballo político entendido como servizo público en beneficio de todo o mundo. Hoxe, simplemente lle podemos volver dicir que a terra che sexa leve Ánxela.

(Aplausos)

Sr. Presidente

A verdade que nun mundo tan duro ás veces como é a propia política, hai persoas que se fan querer, e Ánxela foi unha desas. Creo que hai unha frase preciosa de Celso Emilio, que garda en esencia o que era Ánxela, que é "O meu país é pequeno pero chega ata as estrelas", que garda en esencia un compromiso co país que Ánxela tiña por bandeira, que garda en esencia tamén o que Ánxela sobre todo sempre tiña enriba da mesa, en cada reunión, en cada momento, que era a defensa do interese xeral, a defensa da xente, da sociedade, era o motor desa muller, unha persoa que foi capaz de desempeñar a súa función aquí nesta casa, con total honestidade consigo mesma e coa sociedade, unha persoa sincera en calquera momento, unha persoa que nunca deixou de dicir o que pensaba aínda que incomodara, e unha persoa que francamente foi un orgullo tela como compañeira, como amiga, e un orgullo que fora veciña desta provincia. Grazas, Ánxela, e que descanses en paz.

1.-APROBACIÓN DA ACTA Nº 5/19 DO 31 DE MAIO.

Por unanimidade, apróbase a acta da sesión ordinaria, nº 5/19, do 31 de maio.

Sra. Sanmartín Rei

Independentemente de que hoxe é certo que coa cuestión do falecemento de Ánxela, ela estea presente en todo, eu non quería deixar de aproveitar este Pleno, xa que me despido da Corporación, para darvos as grazas, absolutamente a todas as persoas que formastes parte da Corporación, algunhas que xa non están aquí, que estiveron con anterioridade tamén, eu creo que houbo un traballo moi participativo e, desde logo, onde eu particularmente sentín que houbo un acompañamento moi grande, tanto por parte do persoal da Corporación como do funcionariado desta casa, e quero sobre todo deixar constancia tamén do meu agradecemento a todos os membros de Goberno por todo o traballo intenso elaborado durante estes catro anos, e tamén por parte do Presidente da Deputación, realmente eu creo que nunha época

que foi moi intensa, e na que eu, que é o que creo que é importante, aprendín moitísimo, que é o que levo na miña mochila a partir de agora, a partir destes momentos, así que moístimas grazas.

(Aplausos)

Sr. Presidente

Continuando coas palabras de Goretti, agradecer o traballo de todas e todos vós, a verdade é que como resumo eu diría que neste universo que se chama Deputación, onde funciona francamente ben, aínda que, como todo na vida, é mellorable, onde a conxunción entre o compromiso dos funcionarios e funcionarias e o compromiso dos políticos e políticas que aquí estamos, fan que sexa unha institución eficiente ao servizo da cidadanía, a través das súas institucións municipais. Pero dicir que creo que esta Corporación estes catro anos foi o que a xente quixo que fora, creo que é un mundo, un universo, como dicía, onde nunca se renuncia aos principios de cada un, onde hai posicións ideolóxicas e políticas francamente distintas, pero onde temos a capacidade cada un dos Grupos de poñer por riba de todo os intereses da provincia. Creo que nunca se deixou de votar a favor dun punto, dun proxecto, dunha liña, dun plan, que non tivera o interese xeral, e polo tanto creo que ese compromiso é de agradecer. Creo que escasean os foros políticos neste país onde o entendemento sexa o motor da institución, neste caso na Deputación, sen dúbida ningunha, ese entendemento que se leva sementando desde toda a vida en distintas Corporacións, nesta última non fallamos ese compromiso, e creo que é a nosa obriga seguir aboando esa semente porque sinceramente creo que deixa moi bos e moi grandes froitos. Moitas grazas a todas e a todos, e seguímonos vendo.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión sendo as doce horas e vinte e oito minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.